NOVO
ESPECTÁCULO

O Camiño dos paxaros

Magín Blanco

Nun luminoso verán, un neno namorado da música goza do amor e dos bailes da súa nai. Cando esta deixa de respirar, no escuro outono, déixalle como legado unha caixiña, que lle é arrebatada por un paxaro que voa cara a latitudes máis cálidas. No frío inverno, inventores e inventoras dos lugares máis afastados veñen tratar de consolar o neno cos agasallos máis incribles, mais el non atopa a luz en ningún deles. Ata que cos primeiros raios de sol da primavera, volven as aves, e con elas o paxaro que trae a caixiña no seu peteiro. Ao abrila, o neno atopa o camiño de cores que guiará os seus pasos. O camiño dos paxaros é unha historia de superación persoal, contada a través da música e da interpretación, baseada na evolución dun personaxe que debe afrontar a dureza da vida, e loitar para coñecer os seus sentimentos e descubrir cal é o camiño que debe seguir para conseguir a felicidade.

Esta nova montaxe chegará ós escenarios co novo album-cd do autor editado por FolMúsica.

Actriz: Marián Bañobre
Músicas: Magín Blanco
Dirección escénica: Santiago Cortegoso
Deseño de imaxe: Leandro Lamas
Público: Familiar

Urdime
PROPOSTAS CULTURAIS
www.urdime.net | info@urdime.net
T .+34 981937424 | M. +34 619920335